

-Lugar: concello da Pobra de Trives. Paseo San Roque nº4/1-32780 A Pobra de Trives (Ourense).

10. Apertura das ofertas: el décimo día hábil despois do remate do prazo de presentación de proposicións, ás 12.00 horas. Casa do Concello de A Pobra de Trives (Ourense).

11. Outras informacións: Secretaría Xeral do Concello da Pobra de Trives.

12. Gastos de anuncios: por conta do adxudicatario/a.

13. Non existe perfil do contratante.

A Pobra de Trives, 4 de xullo de 2008.

Luís Álvarez González
Alcalde

CONCELLO DO ROSAL

Anuncio.

No BOP de Pontevedra número 122, do 25 de xuño de 2008, publicouse o anuncio do acordo da Xunta de Goberno Local do 10 de abril de 2008 polo que se aprobaron as bases e a convocatoria para cubrir unha praza de persoal funcionario (escala de Administración especial, subescala Servizos Especiais) mediante oposición libre, coa categoría de Policía Local.

Así mesmo, nese mesmo boletín publicouse unha corrección de erros das bases citadas.

Esta praza inclúese na oferta de emprego público de 2008 e está adscrita ao departamento de Policía Local. As bases da convocatoria tamén están expostas no taboleiro de anuncios do concello e na páxina www.concellodorosal.es

O Rosal, 8 de xullo de 2008.

Jesús María Fernández Portela
Alcalde

CONCELLO DE RUBIÁ

Anuncio.

No BOP de Ourense número 158, do 10 de xullo de 2008, publícanse as bases íntegras para a provisión dunha praza de funcionario de carreira que a continuación se indica e incluída na oferta de emprego público deste concello para o ano 2007, BOP número 54, con data do 5-3-2008.

Persoal funcionario de carreira: sistema selectivo: concurso oposición libre.

Denominación do posto: auxiliar administrativo. Clasificación: escala de administración xeral. Grupo: C1. Complemento de destino: nivel 18. Número de vacantes: unha.

O prazo de presentación de instancias é de vinte días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación do mencionado anuncio no BOE.

Os sucesivos anuncios pertencentes a esta convocatoria publicaranse no BOP de Ourense e no taboleiro de edictos do Concello.

Rubiá, 28 de xullo de 2008.

Elías Rodríguez Núñez
Alcalde

CONCELLO DE VIGO

Anuncio do cambio de uso dotacional docente a xerontolóxico dunha parte da parcela municipal E-4 del Plan parcial de Navia. (Expediente 10890/411).

O Pleno do concello, en sesión ordinaria do día 26 de maio de 2008, acordou aprobar o cambio de uso dotacional público dunha parte da parcela municipal E-4 do Plan parcial de Navia, de 10.000 m², de educativo a asistencial público (centro de coidados xerontolóxicos).

O acordo publicarase no BOP e no DOG, notificándose aos interesados na forma legalmente establecida. Notifíquesele tamén á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes (CPTOPT) da Xunta de Galicia.

Vigo, 26 de xuño de 2008.

Abel Caballero Álvarez
Alcalde

e) OUTROS ANUNCIOS

CENTRO TECNOLÓGICO DEL MAR-FUNDACIÓN CETMAR

Anuncio do 24 de xullo de 2008 polo que se fai público o Acordo do 17 de xuño de 2008 polo que se anuncia a convocatoria de probas de selección de persoal.

Centro Tecnolóxico do Mar-Fundación Cetmar fai público o Acordo do 17 de xuño de 2008, polo que se procede á convocatoria de probas de selección de persoal do centro.

Praza: técnico 2 da área de formación.

Bases de convocatoria, información e recollida de documentación na sede de Cetmar: rúa Eduardo Cabello, s/n, 36208-Bouzas, Vigo.

Teféfono: 986 24 70 47, extensión 81 ou en www.cetmar.org/ofertapublica.html.

Vigo, 24 de xullo de 2008.

Alberto González-Garcés Santiso
Director gerente da Fundación Cetmar